



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2015.-**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY. D<sup>a</sup> CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA.</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO:</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e cinco minutos minutos do día dezoito de decembro de dous mil quince, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	---

**PUNTO NÚM. 1.- DAR CONTA SETENZA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE DATA 17-11-2015.**

Polo Sr. Secretario dase lectura da Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 17-11-2015, na que se dicta o seguinte FALLO:

“ Que debo estimar y estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D<sup>a</sup> María Perille Arriba, en su nombre y derecho, frente a la resolución dictada el 21 de diciembre de 2002, por el Alcalde accidental del Ayuntamiento de Ares, en el expediente núm. 331/12, por la que se desestimó el recurso de reposición interpuesto por la recurrente contra la resolución de 6 de marzo de 2012, anulando la resolución recurrida por lo que se refiere a las obras realizadas en el ático 5º C, al haber caducado la acción administrativa para ordenar la reposición de la legalidad respecto a estas obras, y confirmando en lo restante la resolución recurrida. Todo ello sin imposición de costas”.



O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 2.- CESION DO CONTRATO DE CELTA PRIX S.L. Á SOCIEDADE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.**

Dase conta do Informe de Secretario do seguinte teor literal:

**“INFORME DE SECRETARÍA**

**Asunto : Petición de Dn. F. Alonso Junquera, administrador único da empresa Celta Prix, S.L. de cesión de contrato á sociedade Servicios dos Concellos Galegos, S.L.**

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 27 de outubro de 2011 o pleno da Corporación acordou adjudicar o contrato de xestión do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos, transporte a ecoplanta e limpeza varía no Concello de Ares mediante a modalidade de concesión por procedemento aberto.

**Segundo.-** Con data quince de decembro de 2011 foi asinado o contrato administrativo.

**Terceiro.-** Dn. Francisco Alonso Junquera na calidade de administrador único da empresa Celta Prix, S.L. (rex. entrada 2836/14) interesa a cesión do devandito contrato a favor da sociedade Servicios dos Concellos Galegos, S.L. acompañando :

- Escritura de constitución da entidade Servicios dos Concellos Galegos S.L.
- Copia CIF da mesma.
- Copia DNI representante.
- Declaración de non atoparse incurso en causa de prohibición de contratar coa Administración.
- Acreditación da solvencia financeira e técnica.
- Aceptación da cesión por Servicio dos Concellos Galegos, S.L.



**Cuarto.-** Novamente con data 15-10-14 Dn. F. Alonso Junquera adxunta á solicitude :

- Informe entidade financeira.
- Acreditación ISO 14001:2004.
- Acreditación ISO 9001:2008.

**Quinto.-** Os asuntos foron tratados nas Xuntas Locais de Goberno de 11-07-14 e 25-09-14, interesando en ámbolos-dous casos informe xurídico e, na súa virtude e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte, INFORM E

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRA.-** Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato.

A cesión supón a alteración dun dos elementos subxectivos do contrato, mediante a novación do contratista (novación subxectiva). O cesionario queda subrogado en todos os dereitos e obrigacións do contratista fronte á Administración.

**SEGUNDA.-** A lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

– O artigo 226 e a Disposición Adicional Segunda do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

**TERCEIRA.-** Para que os adxudicatarios poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

– Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.

– Que o cedente teña executado polo menos un 20 % do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce encontrándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación.



– Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.

– Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

**CUARTA.-** O procedemento aplicable para levar a cabo a cesión dun contrato de xestión de servizo público será o seguinte:

A. Recibida a solicitude de cesión, polos Servizos Técnicos Municipais deberase emitir un Informe, no que se comprobe que se cumpren os requisitos esixidos no artigo 226 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para que o adxudicatario poida ceder os seus dereitos e obrigacións a un terceiro.

En concreto comprobarase que o cedente realizase a explotación polo menos durante o prazo dunha quinta parte do tempo de duración do contrato e que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración así como a solvencia exixible de conformidade co establecido no Capítulo II do Título II de de o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, (en particular que a empresa cesionaria estea igualmente capacitada para o eficaz desenvolvemento das prestacións do obxecto do contrato).

Ademais, para posibilitar a cesión será necesario que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato.

B. A competencia para autorizar a cesión corresponderá ao mesmo órgano que resultase competente para a contratación e deberá autorizala de forma previa e expresa.

C. Unha vez cumpridos todos os requisitos, o órgano competente para contratar ditará resolución expresa autorizando a cesión, e o adxudicatario e o cesionario deberán formalizala en Escritura pública.

D. A partir dese momento o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente, procedéndose á devolución ao cedente da garantía prestada desde o momento da constitución da mesma por parte do cesionario, segundo estable o artigo 102.4 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.



E. Requerirase a **Servicios dos Concellos Galegos, S.L.**, para que unha vez formalizada a cesión en escritura pública, da que se dará traslado dunha copia autenticada ao Concello de Ares, deberá no prazo de quince días hábiles seguintes ao da data en que reciba a notificación do respectivo acordo plenario aportar documento que acredite ter constituída a garantía definitiva, xa que esta foi constituída con data 19 de agosto de 2011 por importe de 9.774,01 euros por Celta Prix, S.L. ; procedéndose á devolución da garantía no seu día presentada polo adxudicatario do servizo.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.”

Seguidamente dase conta do informe dos **Servicios de Urbanismo** do Concello de data 24 de novembro de 2015, que seguidamente se transcribe:

#### **“INFORME DOS SERVICIOS DE URBANISMO**

**Asunto:** Solicitud de cesión do contrato co Concello de Ares para a Recollida e Transporte de Residuos

Sólidos Urbanos.

**Situación:** Concello de Ares

**Solicitante:** Celta Prix s.l.

**Empresa para a Cesión:** Servicios dos Concellos Galegos s.l.

**Alfonso Pórtela Martínez, Arquitecto Técnico do Concello de Ares, con relación á solicitude cesión do contrato co Concello de Ares para a Recollida e Transporte de Residuos Sólidos Urbanos, que se atopa en vigor dende o 15/12/2011, e sendo titular dos dereitos a empresa Celta Prix, s.l. e que solicita a cesión á empresa Servicios dos Concellos Galegos s.l., solicitude con número de rexistro de entrada 2836/2014 de data 30/06/2014, e coa documentación achegada con data 20/11/2015 en cumprimento do requerimento de documentación de data 09/10/2015, procede formular o seguinte,**

#### **INFORME:**

**ANTECEDENTES:** Que a empresa solicitante presentou en nome da empresa receptora da cesión a seguinte documentación coa solicitude e que foi obxecto de informe:

*A.- Escritura de Constitución da Empresa de data 05/06/1992. Dita escritura recolle entre outros o seguinte Obxecto Social, denominado 3º:*



**3. Limpeza, mantemento, conservación e coidado de edificios, locais, urbanizacións, redes vidriais etc., recollida domiciliar de lixos, de residuos industriais....etc..**

**B.- C1F da empresa**

G.- Declaración Responsable de data 15/05/2014 de non estar incurso en ningunha prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración, segundo o Art. 60 da TRLCSP

D.- Certificado da Axencia Tributaria de estar ao corrente das obrigacións tributarias con Facenda do Estado, de data 14/04/2014.

E.- Certificado da Axencia Tributaria de Galicia de estar ao corrente das obrigacións tributarias coa Facenda Autonómica, de data 14/04/2014.

F.- Unha declaración da empresa que de que prestaron servizos de limpeza viaria nos concellos de Sada, Ayamonte, Melide, Cedeira e Cartaya.

G.- Certificado da inscrición da empresa no Rexistro de Xeral de Produtores e Xestores de Galicia como "**TRANSPORTISTA DE RESIDUOS URBANOS**", núm. 58, de data Agosto de 2012.

H.- Aceptación da cesión do Contrato.

Ademáis con data 15/10/2014 achegouse un informe do Banco de Sabadell de data 07/10/2014, polo que

a empresa contaría coa solvencia económica necesaria para a execución do contrato.

I.- Certificado ISO 9001 e ISO 15001 nos mesmos campos que se atopaba certificada a empresa Celta Prix s.l.

A vista desta documentación concluíuse no informe que á **vista da documentación presentada, e en canto ao recollido no Art. 226 do TRLCSP, non queda acreditada a solvencia técnica suficiente da empresa, en canto ao cumprimento do Servizo, ademáis unha vez acreditado este extremo deberán achegarse tódolos certificados presentados con data actual, posto que os mesmos foron achegados antes da cumprimento do 20% do tempo de contrato.**

**Primeiro:** Con data 20/11/2015 se achega a seguinte documentación:

A. Copia compulsada da cesión dos contratos de recollida de residuos sólidos de Celta Prix s.l. a Servicios dos Concellos Galegos s.l., e copia compulsada dos correspondentes contratos eos concellos de Barreiros, Lourenzá, Trabada, Cee, Friol, Melide, Muras, Outeiro de Rei

B Copia compulsada da cesión dos contratos de limpeza viaria de Celta Prix s.l. a Servicios dos Concellos Galegos s.l., e copia compulsada do correspondente contrato co concello de Cee.



C. Copia compulsada contrato de retirada de residuos sólidos urbanos e copia compulsada do certificado emitido polo Concello de Coirós, conforme a empresa Servicios dos ConcellosGalegos s.l. e a titular do servizo.

D.Copia compulsada contrato de retirada de residuos sólidos para os Concellos de Curtís, Sobrado e Vilasantar, Silleda, conforme a UTE formada por Servicios dos Concellos Galegos s.l. e Celta Prix s.l. son titulares do servizo.

**Segundo:** Declaración responsable do representante da empresa Servicios dos Concellos Galegos s.l. conforme empresa ponerá a disposición do servizo no Concello de Ares o parque de maquinaria achegando copia das tarxetas dos vehículos, que estaba disposta para o servizo na actualidade, así coma o resto de materias de pequeno tamaño, que se ofertaron na convocatoria do servizo no ano 2010.

**Terceiro:** Declaración responsable do representante da empresa Servicios dos Concellos Galegos s.l. conforme empresa ponerá a disposición do servizo no Concello de Ares o persoal indirecto que se ofertou na convocatoria do servizo no ano 2010.

**Cuarto:** Declaración responsable do representante da empresa Servicios dos Concellos Galegos s.l. conforme empresa a subrogación do persoal directo que compon a plantilla permanente ao servizo de recollida e limpeza viaria que na actualidade está contratada pola empresa Celta Prix s.l.

**Quinto:** Copia compulsada do seguro de responsabilidade civil da empresa por importe de 1.000.000 € e copia do recibo duplicado do pago da póliza.

**Sexto:** Declaración responsable do representante da empresa Servicios dos Concellos Galegos s.l. conforme empresa se compromete a respectar o Prego de Clausulas Administrativas particulares do servizo de recollida e limpeza viaria que na actualidade está contratada pola empresa Celta Prix s.l.

**Sétimo:** Certificado do Banco de Sabadell conforme as relacións bancarias son normáis e satisfactorias ata o momento. Achéganse tamén certificados da Axencia tributaria e sa Seguridade social conforme a empresa atópase ao corrente dos respectivos pagos.

Polo tanto e ante o sinalado na documentación achegada, e en cumprimento do sinalado no informe de secretaría de data 16/07/2015 e co establecido no Artigo 226, e Disposición Adicional Segunda Texto Refundido da Leí de Contratos do Sector Público se deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1.- O cumprimento da quinta parte (20%) do tempo de execución do contrato 15 anos de duración.
- 2.- Que as calidades técnicas e persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato.
- 3.- Que o cesionario teña capacidade para contratar coa administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, en non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.



**Oitavo:** Que no que respecta ao cumprimento do tempo de execución do contrato este leva en vigor dende o 15/12/2011, cumpríndose a quinta parte e dicir 3 anos na data 15/12/2015, polo que a data do presente informe cúmprese con dita premisa.

**Noveno:** Que consultado o informe de valoración polo que se concedeu o presente contrato, a parte de oferta económica era o 51% do concurso, superior ás calidades técnicas e persoais.

Que coa documentación achegada pódese concluir que a nova empresa contará coa suficiente solvencia técnica e persoal, para o cumprimento íntegro do prego de prescricións técnicas e económicas recollidas na oferta ganadora do concurso do ano 2010.

Polo que se informa a solicitude de cesión do contrato de xeito FAVORABLE.

O que se informa aos efectos procedentes, non en tanto, outro órgano con seu superior criterio estimará o que considere oportuno, en Ares a 24 de novembro de 2015”

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, solicitando que este asunto quede sobre á mesa co obxecto de facer un estudo da posibilidade de mancomunar os servizos.

Sometida a votación a propsota do BNG de que o asunto quede sobre a Mesa o Pleno do Concello por 3 votos a favor do BNG, 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e SON DE ARES), e 3 abstencións do Partido Popular, acorda rechazar a proposta de que o asunto quede sobre a Mesa.

Acto seguinte sometese a votación a Cesión do Contrato de Celta Prix S.L. a favor da Sociedade Servicios dos Concellos Galegos S.L., e o Concello Pleno por 10 votos a favor ( 5 PSdeG-PSOE, 3 PP, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 3 votos en contra do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia.

1º.- Requerir a Servicios dos Concellos Galegos, S.L., para que unha vez formalizada a cesión en escritura pública, da que se dará traslado dunha copia autenticada ao Concello de Ares, deberá no prazo de quince días hábiles seguintes ao da data en que reciba a notificación do respectivo acordo plenario aportar documento que acredite ter constituída a garantía definitiva, xa que esta foi constituída con data 19 de agosto de 2011 por importe de 9.774,01 euros por Celta Prix, S.L. ; procedéndose á devolución da garantía no seu día presentada polo adxudicatario do servizo.

#### CONTROL E FISCALIZACION DOS ORGANOS DE GOBERNO.

3º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.





De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia procederá a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dáse por enterado.

#### **PUNTO NÚM. 4º.- MOCIONS E PROPOSTAS.-**

##### **A) Moción do PSde G-PSOE: ADHESIÓN EMISIÓN DUN SELO CONMEMORATIVO “IGREXA EVANXÉLICA”.**

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que seguidamente se transcribe:

“O Grupo municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a seguinte Moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno e debatida no mesmo coa seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Con ocasión do centenario da chegada dos primeiros Pastores Evanxélicos a España e en atención á solicitude presentada pola Igrexa Evanxélica de Ares.

#### **O grupo municipal do PsdeG-PSOE DE Ares somete ao Pleno do Concello a seguinte proposta de ACORDO:**

Adhererirse á solicitude presentada pola Igrexa Evánxelica para a emisión dun selo conmemorativo de dita centenario”.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, e propón que se faga como unha Declaración Institucional.

Sometida a votación a Moción como Declaración Institucional, o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte e previo o turno de Rogos e Preguntas o Sr. Alcalde-Presidente, pregunta se algún voceiro ten algunha moción para presentar pola vía de urxencia, non presentándose ningunha moción.



### **PUNTO NÚM. 5.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos de preguntas toma a palabra a Sra. Cadena Freire, e manifesta que o seu primeiro rogo e a solicitude de construción de beirarúas dende a Praza do Emigrante en Redes ata o Curbeiro.

Resposta o Sr. Alcalde, que e un trazado que non é competencia municipal, pero que recolle a petición a fará as xestións oportunas ante o órgano competente.

A Sra. Cadena Freire, formula o segundo rogo dos veciños, que é que os veciños da Rúa Nova teñen un problema co lixo, xa que teñen que desprazarse ata o aparcadoiro para depositalo, enton habería que buscar algún tipo de solución.

Resposta o Sr. Alcalde, que o tema aquí é delicado, posto que o camión non pode ir pola Rúa Nova, cando permitimos deixar o lixo na Rúa Nova, non se podía pois deixaba o lixo, os da Rúa Nova os do Pedregal e os de enfrente, xa non subia ninguén ó aparcadoiro, e no verán se fixo a situación insostenible e o peor de todo as bolsas do lixo soltaban grasa de residuos orgánicos e a pedra que é porosa collía os olores, e logo aínda que limparas a pedra cheiraba que apestaba. Entón chegamos a unha conclusión de que en canto teñamos diñeiro para facer un contenedor soterrado alí con toda a complexidade que eso conleva, e atopemos a viabilidade de enterralo nun punto onde non existan instalacións da EDAR, o vamos a facer, a única alternativa e o contenedor soterrado, o seguinte diñeiro que teñamos para contenedores irá para ahí.

Sendo as doce horas e quince minutos do día ó comenzo sinalado a Sra. Cadena Freire, abandona a Sesión.

Toma a palabra o Sr. Mesias Fariás, manifestando que a súa é unha cuestión técnica, e é o respecto das Mocións, nos presentamos unha Moción pola Vía de Urgencia, a Lei establece que esa urgencia ten que ser sometida a votación, e pode ser rexeitada como foi o caso da Moción que presentamos o mes pasado, e a continuación cando esa Moción é rexeitada pasa para o seguinte Pleno Ordinario, entón eu quero saber si isto é así, e se e así porque non se trouxo a Moción que nos presentamos o mes pasado.

O Sr. Alcalde, resposta: unha pregunta de orde Emilio ¿non o pudesches dicir na xunta de voceiros?, o dices na Xunta de Voceiros e a poñemos, e mellor deixar pasar a oportunidade, cobrar os 64 euros por suposto para que te den o índice do Pleno e logo aquí se da por sacado igual, eu non o comparto Emilio, e entón efectivamente non te respoña o Secretario nin te respoña ninguén. Non é normal que cobres 64 euros nunha Xunta de voceiros, que algo tan sinxelo como isto non o digas alí, e agora no Pleno preguntas onde está a túa Moción, pois si era túa haberte preocupado.



Non o entendo, entonces as Xunta de Voceiros, mellor non facelas, porque cobrar, 64 euros para non facer nada efectivamente non ten sentido. Vostede ten que darse que falta a súa moción.

Sr. Mesias Farias, é a Moción que solicita publicar o que cobramos cada quen polos diversos conceptos.

Sr. Alcalde, pois esa Moción foi aprobada cunha emenda do Partido Socialista,

Sr. Mesias Farias, non esta vostede equivocado, que quede sobre a mesa non é unha emenda,

Sr. Alcalde, a Moción que dicia de publicar todo o que ganamos aprobouse cunha emenda do Partido Socialista,

Sr. Mesias Farias, unha emenda e algo que se engade co obxecto de mellorar a Moción, eso non foi unha emenda,

Sr. Alcalde, o grupo Socialista, presentou en prazo e por escrito unha emenda, aprobamos un tema de transparencia, presentamos por escrito o grupo socialista, xa te resposteí, en rogos e preguntas non hai debate.

Sr. Mesias Farias, o regulamento di que si hai debate,

Sr. Alcalde, se non te vale é o teu problema pero a mín non me toreas máis, vostede presentou unha moción e nos presentamos por escrito unha emenda en prazo e se aprobou a emenda,

Sr. Mesias Farias, que quede sobre a mesa non é unha emenda.

Sr. Alcalde cal é a seguinte pregunta.

Sr. Mesias Farias, cando van a facer efectiva esa que vostedes aprobaron.

Sr. Alcalde, se foras hoxe á xunta de voceiros, o saberías, ese tema o tratamos en Comisión Informativa e efectivamente o explicamos pois te rogo que te poñas en contacto cos teus concelleiros e que te expliquen.

Sr. Mesias Farias, e o ultimo rogo, e que cando eu vaia o Secretario, que me de a información, porque a última vez que fun para saber os contidos dun Pleno non me deu a información precisamente porque non a tiña, moitas grazas.

Sr. Alcalde, a información básica vai a Xunta de Voceiros, e efectivamente a xunta de voceiros está alí enriba da mesa, e efectivamente aquí ninguen lle prohíbe,



salvo a mín, a min si que me prohibiron, efectivamente se dictou unha resolución no ano 2007, onde o voceiro socialista so podía ser atendido por técnicos, Secretario e persoal municipal os martes de 8 a 9 da mañá, por certo tiña clase as 9 da mañá en Santiago. Ese non é o seu caso, vostede pode falar cando queira, e se non ten a documentación nese momento sería bo que vostede volverá cando a teña, porque efectivamente é sen dubida algunha situación moi normal, moitas veces as cousas non están cando un quere, pero eu lle recordo que solo podía falar co Secretario os martes de 8 a 9 da mañá,

Interven a voceira do Partido Popular Sra. Martínez Martínez, quen di que ten tres preguntas, a primeira é:

¿cal é motivo polo que non cobran a paga extra o persoal funcionario e laboral, e si que a cobran os políticos con dedicación?.

A segunda: ¿ Si se lle rescindeu o contrato a abogada do Concello cal foi o motivo?.

A terceira: ¿Cal é o motivo polo cal o coche de protección civil, se lle está dando uso particular, se lle quitaron todos os distintivos relacionados con Protección Civil?,

Resposta o Sr. Alcalde, que o motivo polo que non se cobra a paga extra, debe preguntárselo a Rajoy que foi quen a quitou os traballadores, non se cobra a paga extra porque no seu momento se prohibeu pagala, pero nos atopamos unha vía intermedia, non para pagar a paga extra que estaba prohibido, senon para que os traballadores non sufriran o aminoramento dos ingresos nese decembro concretamente, entonces que solución saleu naquel momento, dar un anticipo, o que non cobras como paga extra porque está prohibido, a normativa permite os traballadores municipais pedir anticipos, entonces quen non quería ver mermada a súa capacidade de ingresos pola perda da paga extra, pois lle dixemos pide anticipos de nóminas, e moitos traballadores pediron anticipos, se lles anticipou unha serie de salarios, non sei se foi un ou dos, para compensar a perda da paga extra, pero non era unha paga extra son anticipos, a paga extra a cobras é e tua os anticipos os tes que devolver, Agora se pagou a paga extra como a todos, pero se lles desconta os anticipos que no seu momento cobraron, e que situación se produce, que nos non podemos seguir dando anticipos cando o goberno xa devolveu o 50 e pico por cento da paga extra, a situación foi perda do poder adquisitivo, buscar unha situación que non a mermara nesas datas, por ser datas familiares, pero logo a longo do ano devolves o anticipo, pero agora non é razoable pedir o anticipo.

A Sra. Martínez Martínez, pregunta: e os políticos que a cobrachedes.

Sr. Alcalde, os políticos no seu momento a cobramos porque non estábamos incluídos na lei, non nos era aplicable a normativa, vostede como comprenderá eu non roubo, e o que me levo para a casa o asina o Secretario.



Sr. Martínez Martínez, eu non estou dicindo en ningún momento que vostede rouba.

Sr. Alcalde, o que quero dicir que non a cobre por que me deu gana, eu non estou de acordo cunha lei, que aínda por riba non se me aplica, non estou de acordo con que se lle quite a paga extra a ninguén, pero encima a mín non me é aplicable, entónces voume a aplicar eu unha lei coa que non estou de acordo, co diñeiro de cada un rogolle que non faga valoracións, pois nin tiñamos prohibido cobrala nin estábamos de acordo con que se quitara a paga extra, e se non estábamos de acordo con que se lle quitara os demais, tampouco estábamos de acordo con aplicalo nos outros, e tería que ser unha donación, pois renunciarías a algo que é teu sen motivo legal, e habería que declarar cos seus correspondentes impostos, e cada un co seu diñeiro fai o que lle da a real gana.

En canto a rescisión, non se rescindeu ningún contrato, había un contrato que estaba vixente e esta vixencia rematou, e había unha invitación para que se presentara a correspondente solicitude para volver a facer ese contrato, e pasaban os meses e había unha prorrogación tácita, onde había un servizo xurídico que cobraba todos os meses a factura que xa cobraba, pero dun contrato que é un contrato menor que xa rematou e que non se podía prorrogar máis alá dun tempo razoable para o novo contrato, e non aparecía esa solicitude, eu chamei a unha representante da Sociedade, que levaba ese contrato e me dixo que ela se ía, e pregunteille cal era a razón, e me dixo que se ía a independizar que se ía a poñer pola súa conta, que tiña outros encargos que se lle facía moito para asumilo, ela sola, e a verdade é que o fumos deixando, chega o momento que hai que presentar unha nova proposta, a proposta efectivamente non se presenta porque se está meditando a decisión de deixalo e efectivamente chega a decisión de deixalo, e por riba coincide cunha serie de Sentenzas desfavorables, coincide cunha situación que a ela lle afecta, esta a Sentenza da Casa do Patin, esta a Sentenza de Concifa, a Sentenza do ático, foi concelleira Socialista, e unha compañeira de Partido e nese sentido eu sei os traballos que ten, e cada un organiza a súa vida, e chega un momento no que efectivamente di que non, eu non podo aguantar máis esa situación, e no ámbito da asesoría que efectivamente sempre estivo aí, eu cando cheguei aquí trouxen a Tribunalía que está chea de socialistas, Enma era concelleira do PSOE en Miño, logo veu Dolores que foi Concelleira Socialista en Valdoviño, e nese sentido me asesoran e perfectamente, estou encantado con esa Asesoría, como o anterior Alcalde tiña a outras, tiña a Rozas tiña a German, aquí cada Alcalde contratou o abogado que considerou que lle fixo unha proposta, onde os intereses municipais loxicamente quedaban ben defendidos, e resulta que a máis barata e a miña, eu reto a que comprobé os gastos de asesoría xurídica de todos os gobernos anteriores, co meu goberno leve os pleitos que leve sexan cinco ou cincuenta mil, da contía que sexan nos costa dezaioito mil euros ó ano máis IVA, esa cantidade a cobrou solo un abogado por levar o tema do Plan de Urbanismo, e dicir os abogados que estaban antes cobraban por caso, polo Plan de Urbanismo nos pasou unha minuta de cincuenta mil euros, que por certo a tiveron que



pagar eu que foi cando gañei as eleccións, cando vin facturas dese calibre, foi como chamei e por dezaitomil euros máis iva, non se paga eso en ningún Concello unha asesoría xurídica integral tan barata, posto que prefiren ir caso por caso, eu en Ares o conseguin dezaoto mil euros por levar todos os pleitos que se teñan no ano, conseguin manter o gasto nese aspecto e non se paga nin un euro máis. En Ferrol por poñer un exemplo o leva un prestixioso abogado e as facturas son de coarenta mil euros ó mes.

Sra. Martínez Martínez, ¿xa se cubreu o praza?

Sr. Alcalde, si xa se cubreu, e non é unha praza é un contrato menor, e polo mesmo prezo nos dan dúas cousas máis, nos dan consumo, e asistencia en dependencia, e tamen é certo que antes tiñamos a asitencia dunha abogada e agora son cinco.

En canto o coche de Protección Civil, xa non é coche de protección civil, tiña que estar cinco anos afectado o servizo, ese coche se comprou no 2007, e estamos no 2015, pasaron os cinco anos de maneira sobrada, e estivo adscrito o servizo de protección civil ata que eu conseguin outro vehículo, unha furgoneta, entonces protección civil, tiña unha furgoneta de 9 prazas, unha nixan patrol, e un ssangion, eran moitos coches para protección civil, cando se lles conseguiu a furgoneta, eu chamei o responsable de protección civil, e lle dixen, mira aquí non pode haber este parque móvil, eu estou cansado de ir co meu coche a Chanteiro, a Cervás por todos os sitios a ver farolas, meu coche é moi baixo e en moitos camiños golpeo o carter e me rompe, meu coche ten 20 anos e efectivamente non ten os amortiguadores como os tiña, este Alcalde durante os oito anos que foi Alcalde, o coche do Alcalde era o seu coche, e a gasolina do Alcalde era a gasolina que o Alcalde se pagaba, entonces meu coche ten 20 anos, e moi baixo e esta bastante fastidiado como para metelo por camiños, a última vez o metin por un camiño indo para Punta Avarenta, e rompín o carter, e se acabou, rompi o carter tres veces, entonces efectivamente este coche se adscribeu para uso do Alcalde, non o uso sempre que tamen ando co meu, pero cando considero collo o coche de protección civil, para facer o que fago, porque agora vostedes non me negaran que ando mil veces por Ares mirando cousas, pero que me ven dando voltas o pobo a diferentes horas cando podo, cando veño de Santiago, onte mesmo cheguei e ata unha da mañá estiven dando voltas para comprobar os puntos de luz porque non están asaltando os cadros os están manipulando e creemos que é para roubar, son apagones perfectamente orquestados e que están vinculados a roubos en casas no rural, estamos tendo roubos, eso me leva a estar dando voltas e uso ese coche porque estou ata as narices de usar o meu, non lle causei ningún dano o coido, e efectivamente cando deixo de ser Alcalde quedará aquí, como vostede comprenderá non o vou a levar.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e coarenta e catro minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,